

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 15 DE OUTUBRO DE 2019

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día quince de outubro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 8 de outubro de 2019

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 8 de outubro de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Anuncio do Concello de Cambre, de data 8 de outubro de 2019, de exposición ao público, por espazo de quince días hábiles, da conta xeral 2018. (Boletín Oficial da Provincial número 192, do 9 de outubro de 2019).

- Resolución do 3 de outubro de 2019, da Dirección Xeral de Traballo, Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, pola que se publica a relación de festas laborais para o ano 2020. (Boletín Oficial do Estado número 245, do 11 de outubro de 2019).

- Decreto 124/2019, do 5 de setembro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións de aplicación na materia. (Diario Oficial de Galicia número 195, do 14 de outubro de 2019).

3º Expedientes de contratación

3.1. Proposta de prórroga na execución da obra “Reordenación do ámbito urbano estrada AC-214 e rúas Balado, Carballo, González Garcés e Pablo Manzano. Fase II”. Expediente número 2018/C003/000014

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de outubro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 15 de febreiro de 2019 formalizouse o contrato administrativo para a execución da obra “Reordenación do ámbito urbano estrada AC-214 e rúas Balado, Carballo, González Garcés e Pablo Manzano. Fase II”, expediente 2018/C003/000014

Con data 26 de febreiro de 2019 a Xunta de Goberno Local aprobou o Plan de Seguridade e Saúde, o Plan de Xestión de Residuos así como o Programa de Traballo, segundo establece a cláusula 18.2 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o presente contrato.

Tendo en conta que o prazo de execución previsto para a obra, e fixado no contrato, é de tres meses a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo, que foi asinada o día 28 de febreiro de 2019.

Tendo en conta a resolución de alcaldía 1297/2019, de 27 de xuño de 2019, pola que se concedeu unha prórroga de un mes e medio, debendo estar finalizados os traballos o 19 de xullo de 2019.

Vista a nova solicitude de prórroga presentada polo director de obra, don David Sarmiento Nogueira, con data 18 de xullo de 2019 e número de rexistro 201999900001097, fundamentada na demora da resolución da execución da baixada de servizos de electricidade e telefonía por parte das empresas subministradoras de ditos servizos, atraso só imputable ás propias empresas subministradoras.

Tendo en conta o disposto na cláusula 31 do prego de cláusulas administrativas particulares, que establece a posibilidade de prórroga debido ao atraso na execución producido por motivos non imputables ao contratista, se este se ofrece a cumprir o seu compromiso na prórroga de tempo que lle sinala o órgano de contratación.

Visto o informe favorable emitido polo arquitecto municipal, con data do 7 de outubro de 2019, no que considera xustificadas os motivos alegados polo director de obra e propón que se conceda prórroga de 3 meses, ata o 19 de outubro de 2019.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da

Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Acordar a prórroga de tres meses, ata o 19 de outubro de 2019, na execución da obra "Reordenación do ámbito urbano estrada AC-214 e rúas Balado, Carballo, González Garcés e Pablo Manzano. Fase II". Expediente 2018/C003/0000014.

Segundo: Notificar á empresa adxudicataria, e ao director de obra e coordinador de seguridade e saúde, facéndolles saber que, por se tratar dun acto de trámite, non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 114 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Terceiro: Notificar ao responsable do contrato, e á técnica de xestión de Administración xeral, para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.2. Proposta de prórroga do contrato referente á "Mediación de seguros privados do Concello de Cambre". Expediente número 2017/C006/000007

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 10 de outubro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co nº. 2017/C006/000007 para a adxudicación, por procedemento negociado sen publicidade, da contratación da "Mediación de seguros privados do Concello de Cambre".

Visto que, coa data do 18 de decembro de 2017, asinouse coa entidade *Borrás-Vázquez-Cameselle Artai Correduría de Seguros, S.A.* o contrato relativo á "Mediación de seguros privados do Concello de Cambre".

Visto que, na cláusula dezanove do prego administrativo que rexe no expediente de contratación, e máis no epígrafe 4 do cadro de características do contrato, e, en consonancia con eles, na cláusula IV do contrato suscrito, establécese que o seu prazo de execución será de dous anos desde a data da sinatura do contrato, que poderán ser prorrogados en sucesivas prórrogas anuais, por un total de outros dous anos máis, por mutuo acordo das partes, de forma expresa, co posterior acordo do órgano de contratación.

Visto o escrito presentado polo director de *Borrás-Vázquez-Cameselle Artai Correduría de Seguros, S.A.*, entidade mediadora dos seguros privados do Concello de Cambre, (expte. 2017/C006/000007), rexistrado de entrada no Concello de Cambre o 8 de outubro de 2018 con número 201999900001583, no que comunica que o contrato mencionado está próximo a vencer, e, non existindo impedimento legal ou contractual para continuar prestando este servizo, propón que se proceda á prórroga anual.

Tendo en conta que esta proposta foi conformada polo responsable do contrato, designado mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de decembro de 2017.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Prorrogar por un ano máis, e nos seus mesmos termos, o contrato suscrito coa entidade *Borrás-Vázquez-Cameselle Artai Correduría de Seguros S.A. con NIF A36768257*, para o servizo de “Mediación de seguros privados do Concello de Cambre” (Expediente n.º 2017/C006/000007).

Segundo: Notifica-lo presente acordo ao adxudicatario, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar ao xefe da Unidade de Réxime Interior e á Intervención Municipal para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 4 ao 10 de outubro do ano que andamos, que comeza coa Resolución da Alcaldía número 1997/2019 e remata coa resolución da concelleira delegado da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 2055/2019, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1997/2019	04-10-2019	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 8 de outubro de 2019
1998/2019	04-10-2019	Contrato menor para reparación de persiana CSC Graxal
1999/2019	04-10-2019	Aprobación das liquidacións do prezo público polo servizo de axuda

		no fogar do mes de agosto de 2019.
2000/2019	04-10-2019	Autorización ao titular da licenza de taxi número 23 para substituír o vehículo co que presta o servizo
2001/2019	04-10-2019	Aprobación altas e baixa mes de outubro escolas de actividade física e saúde
2002/2019	04-10-2019	Resolución nomeamento funcionario interino por vacante.
2003/2019	04-10-2019	Finde xuvenil na Illa de San Simón. Programa TDI (Todos Deben Involucrarse) 2019
2004/2019	04-10-2019	Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos correspondente a facturas con reparos por importe de 134.259,27 euros
2005/2019	04-10-2019	Solicitud de adhesión ao programa Son de Bares
2006/2019	07-10-2019	Resolución nomeamento interino de axente de protección civil por vacante.
2007/2019	07-10-2019	Axudas por emerxencia social alimentos B a D.M.C.A.
2008/2019	07-10-2019	Axudas por emerxencia social. Vale alimentos a J.A.R.G.
2009/2019	07-10-2019	Axudas por emerxencia social alimentos A.I.C.P.
2010/2019	07-10-2019	Desistencia axuda para recibos de luz B.I.L.
2011/2019	07-10-2019	Desistencia axuda recibo luz T.F.V.
2012/2019	07-10-2019	99500000018594 – Acordos inicio multas de tráfico
2013/2019	07-10-2019	99500000018639 – Acordos inicio multas de tráfico
2014/2019	07-10-2019	99500000018638 – Acordo inicio non identificación condutor
2015/2019	07-10-2019	99500000018683 – Acordos inicio multas de tráfico
2016/2019	07-10-2019	99500000018727 – Acordos inicio multas de tráfico
2017/2019	07-10-2019	99500000018784 – Acordos inicio multas de tráfico
2018/2019	07-10-2019	5130/2019 Resolución de primeiras alegacións ordinario
2019/2019	07-10-2019	Desistencia axuda aluguer A.T.T.
2020/2019	07-10-2019	Concesión axuda recibo luz por importe de 29,27 euros a M.J.B.B.
2021/2019	07-10-2019	Concesión de bonificación do 100% nas taxas por subministración de auga e do servizo da rede de sumidoiros e da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola prestación do servizo público de tratamento e depuración de augas residuais (3º trimestre 2019)
2022/2019	07-10-2019	Concesión de bonificación da cota da taxa por subministración de auga e da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola depuración, para vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o titular ou pagador da póliza de abono ou o seu cónxuxe, ostente a condición de familia numerosa (3º trimestre 2019)
2023/2019	07-10-2019	Reposición legalidade urbanística por realización de actividade de tala sen título habilitante municipal en Espírito Santo, Cecebre en fincas expropiadas para a Vía Ártabra por la empresa M.G.
2024/2019	07-10-2019	Concesión a A.S.R.E., S.A., licenza municipal de primeira

		ocupación para o edificio sito na rúa Abeleira, O Temple
2025/2019	07-10-2019	Reposición legalidade urbanística por realización de actividade de tala sen título habilitante municipal en Espírito Santo, Cecebre en fincas expropiadas para a Vía Ártabra pola empresa M.G.G.
2026/2019	07-10-2019	Reposición legalidade urbanística por realización de actividade de tala sen título habilitante municipal en Espírito Santo, Cecebre en fincas expropiadas para a Vía Ártabra pola empresa M.D.D.
2027/2019	07-10-2019	Contrato menor a P.S.P. para a actividade "Príncipas e princesos" BT - 08/10/2019 - 18.30 h
2028/2019	07-10-2019	Contrato menor a SARABELA TEATRO, S.L. Actividade: "Noa no espello" BC - 9/10/2019 - 11.00 h
2029/2019	07-10-2019	Contrato menor a P.A.D.C.; "Contando números, cantando cores" BC - 09/10/2019 - 17.30 h Nenos de 4 a 7 anos
2030/2019	07-10-2019	Aprobación da reorganización e relanzamento da Feira do Temple dentro das campañas de Promoción Económica da ADL no 2019
2031/2019	08-10-2019	Decreto aprobación actividades animación á lectura/impresión carteis animación á lectura 2019-220
2032/2019	08-10-2019	99500000018617 Resolución sancionadora multas tráfico
2033/2019	08-10-2019	3258/2019 Resolución de primeiras alegacións ordinario multas tráfico
2034/2019	08-10-2019	5453/2019 Resolución de primeiras alegacións ordinario multas tráfico
2035/2019	08-10-2019	Autorización apertura urna perimetral sinalada co nº 139, letra D, no cemiterio municipal de Cambre co fin de inhumar o cadáver de don JML, o día 28 de setembro de 2019.
2036/2019	08-10-2019	Reparación e mantemento de parques biosaudables
2037/2019	08-10-2019	Aprobación do padrón da taxa de auga e rede de sumidoiros, da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga do terceiro trimestre de 2019
2038/2019	09-10-2019	Contrato menor a F.D.V. (Caxoto Contacontos); Actividade "Micromachista eu?" BD - 11/10/2019 - 10.30 h
2039/2019	09-10-2019	Contrato menor a Editorial Galaxia, S.A. para a adquisición de libros e mellora da colección, en formato físico.
2040/2019	09-10-2019	Contrato menor a Edicións Xerais de Galicia, S.A. Adquisición de novidades editoriais en galego en formato físico.
2041/2019	09-10-2019	Contrato menor a Editorial Tambre-Edelvives para a adquisición de fondos e mellora das coleccións en lingua galega, formato físico.
2042/2019	09-10-2019	Concesión axuda aluguer por importe total de 600 euros e axuda recibo luz por importe de 48,18 euros
2043/2019	09-10-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 59.243,68 euros
2044/2019	09-10-2019	Servizo de transporte en autobús saída da Semana Micolóxica (19/10/2019) e Concerto de Santa Icíá (23/11/2019)

2045/2019	09-10-2019	Contrato menor a Editorial Kalandraka para a adquisición de novidades editoriais.
2046/2019	10-10-2019	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 15 de outubro de 2019
2047/2019	10-10-2019	Autorización apertura urna perimetral sinalada co nº 145, letra B, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de depositar as cinzas de don ETV, o día 1 de outubro de 2019
2048/2019	10-10-2019	5456/2019 Resolución de primeiras alegacións ordinario multas tráfico
2049/2019	10-10-2019	99500000018838 Acordo Inicio multas tráfico
2050/2019	10-10-2019	Delegación da celebración de voda civil o día 16.10.2019, ás 12:00
2051/2019	10-10-2019	Modificación e cambio de localización da Feira do Temple
2052/2019	10-10-2019	Aprobación de liquidacións do prezo público polo Programa de actividade física e saúde mes de setembro 2019
2053/2019	10-10-2019	Subministración de elementos de sinalización, difusión e publicidade para a Feira do Temple
2054/2019	10-10-2019	Contratación dun artista para dar a coñecer a nova situación da feira do Temple e dinamizala e publicitala por medio do seu espectáculo
2055/2019	10-10-2019	Liquidación provisional complementaria á autoliquidación realizada por A.S.R.E. en solicitude de licencia de construción de edificio na rúa Abeleira esquina con Francisco Añón

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Suspensión temporal do contrato menor adxudicado á empresa "Oficina de Planeamiento, S.A.", no importe de 16.335,00 euros IVE incluído, para a "Redacción do Plan Especial de Infraestruturas e dotacións en Lendoiro, A Barcala, Cambre", e da "Redacción de modificación puntual das NNSS de planeamento de Cambre referente á ubicación de diversas edificacións e actividades". Expediente número 2018/C002/000321

- Prórrogas dos contratos referentes á subscrición de diversas pólizas de seguros para o Concello de Cambre (danos materiais para bens mobles e inmoables, accidentes para o persoal e membros da corporación municipal e accidentes para voluntarios de protección civil). Expediente número 2017/C006/000006

sendo aprobada a urxencia da proposta por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

A) Suspensión temporal do contrato menor adxudicado á empresa "Oficina de Planeamiento, S.A.", no importe de 16.335,00 euros IVE incluído, para a "Redacción do Plan Especial de Infraestruturas e dotacións en Lendoiro, A Barcala, Cambre", e da "Redacción

de modificación puntual das NNSS de planeamento de Cambre referente á ubicación de diversas edificacións e actividades".Expediente número 2018/C002/000321

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de outubro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data do 15 de xaneiro de 2019, a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre adxudicou o servizo de “Redacción do Plan Especial de Infraestruturas e dotacións en Lendoiro, A Barcala, Cambre”, e da “Redacción de modificación puntual das NNSS de planeamento de Cambre referente á ubicación de diversas edificacións e actividades” á empresa “Oficina de Planeamiento, S.A.” no importe de 16.335,00 euros IVE incluído, designando como responsable do contrato ao arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito.

No mesmo acordo aprobouse a memoria valorada do servizo, memoria que foi elaborada o 26/10/2018 polo antedito arquitecto municipal, e que se complementa cun informe posterior de data 11 de xaneiro de 2019, no que se establece un prazo de execución dos traballos de dez meses, e se indica polo técnico municipal que “Os prazos de execución dos traballos computaranse, desde que se comunica ao licitador o inicio da fase correspondente, ata que o traballo que corresponde a esa fase se entrega, polo licitador, no rexistro municipal; en cada unha destas entregas o licitador deberá solicitar tamén a suspensión temporal do contrato ata que se lle comunique o inicio da seguinte fase. O persoal do área de urbanismo, que resulte responsable do contrato, velará polo cumprimento desta última disposición.”

Con data do 22 de agosto de 2019 asínase na plataforma TedEc polo arquitecto municipal responsable do contrato un informe no que se fai constar que:

“Con data de 03 de abril de 2019 (rexistro 04/397) presentase por Oficina de Planeamiento S.A., a solicitude de inicio de avaliación ambiental estratéxica, a documentación consta de 2 exemplares en papel e 1 exemplar en formato dixital; e comprende os documentos: Borrador e Documento Ambiental Estratéxico do Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións en Lendoiro, A Barcala; sendo informado favorablemente polo arquitecto municipal Agustín Barca Cotelo.

Previamente o 13/02/2019 presentábase por Oficina de Planeamiento S.A. (OPSA) a solicitude de inicio de avaliación ambiental estratéxica da Modificación puntual das NNSS de planeamento de Cambre referente a ubicación de diversas edificacións e actividades, sendo informada favorablemente por quen suscribe.”

No citado informe, o arquitecto municipal propón o aboamento á empresa adxudicataria do 45 % dos honorarios totais correspondentes á entrega do traballo do Plan Especial de Infraestructuras e dotacións en Lendoiro, A Barcala, Cambre, así como a suspensión dos prazos do contrato desde o 3 de abril de 2019.

Á vista do exposto, tendo en conta o establecido polos artigos 190 e 208 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Acordar a suspensión temporal da execución, e, en consecuencia, do prazo máximo de duración previsto no artigo 29.8 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, do contrato menor adxudicado á empresa "Oficina de Planeamiento, S.A." no importe de 16.335,00 euros IVE incluído para a "Redacción do Plan Especial de Infraestructuras e dotacións en Lendoiro, A Barcala, Cambre", e da "Redacción de modificación puntual das NNSS de planeamento de Cambre referente á ubicación de diversas edificacións e actividades", polo tempo que medie entre o día 3 de abril de 2019 (data na que se presentan pola empresa o Borrador e mailo Documento Ambiental Estratéxico do Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións en Lendoiro, A Barcala), e a data na que se lle comunique polo Concello á empresa o inicio da seguinte fase.

Tendo en conta o establecido no artigo 208.1 da Lei 9/2017, deberá estenderse acta na que se consignarán as circunstancias que motivan a suspensión, e maila situación de feito na execución do contrato.

Segundo: Notificar os anteriores acordos á entidade adxudicataria, facéndolle saber que por tratarse dun acto de trámite non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 112 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Terceiro: Dar traslado ao Departamento de Intervención e ao responsable do contrato, para a súa constancia e aos efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Prórrogas dos contratos referentes á subscrición de diversas pólizas de seguros para o Concello de Cambre (danos materiais para bens mobles e inmoables, accidentes para o persoal e membros da corporación municipal e accidentes para voluntarios de protección civil). Expediente número 2017/C006/000006

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de outubro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co nº. 2017/C006/000006 para a adxudicación, por procedemento aberto multicriterio, da contratación de diversas pólizas de seguros para o Concello de Cambre, dividíndose o obxecto en tres lotes, (danos materiais para bens mobles e inmoables, accidentes para o persoal e membros da corporación municipal e accidentes para voluntarios de protección civil).

Visto que, coa data do 16 de marzo de 2018, asinouse coa entidade *Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros, S.A.* o contrato administrativo relativo á subscrición da Póliza de danos materiais para bens mobles e inmoables (Lote nº 1).

Visto que, coa data do 15 de marzo de 2018, asinouse coa entidade *CHUBB European Group Limited, Sucursal en España*, o contrato administrativo relativo á suscripción da Póliza de accidentes para persoal e membros da corporación municipal, (Lote nº 2).

Visto que, coa data do 27 de marzo de 2018, asinouse coa entidade *Vidacaixa S.A.U. de Seguros y reaseguros* o contrato administrativo para a subscrición da Póliza para voluntarios de Protección Civil, (Lote nº 3).

Visto que, na cláusula terceira do prego administrativo que rexe no expediente de contratación, e máis no epígrafe 4 do cadro de características do contrato, e, en consonancia con eles, nas cláusulas IV dos contratos subscritos, establécese que o seu prazo de execución será de dous anos, desde a efectividade das pólizas, (que terán efectos desde o 1 de xaneiro de 2018), prorrogables por outro ano máis ata as 24:00 horas do 31 de decembro de 2020, logo do acordo do órgano de contratación.

Visto o escrito presentado polo director da entidade "Borrás-Vázquez-Cameselle Artai Correduría de Seguros, S.A.", entidade mediadora dos seguros privados do Concello de Cambre, (expte. 2017/C006/000007), rexistrado de entrada no Concello de Cambre o 11 de outubro de 2019, con número 0/6788, no que comunica que ás pólizas antes mencionadas están próximas a vencer, que o contido dos contratos actuais son os axeitados para as coberturas que necesita o Concello de Cambre e os adxudicatarios están cumprindo satisfactoriamente, polo que propón que se proceda á prorroga anual, nas mesmas condicións de coberturas e límites, e cos mesmos prezos da anualidade completa anterior.

Tendo en conta que esta proposta foi conformada polo xefe da Unidade de Réxime interior, segundo informe asinado con data do 11 de outubro de 2019.

Polo tanto, tendo en conta a proposta do mediador de seguros do Concello de Cambre, conformada polo responsable dos contratos, ao abeiro do establecido nas cláusulas IV dos contratos, terceira do prego de cláusulas administrativas particulares e epígrafe 4 do cadro de características do contrato,

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Prorrogar por un ano máis, o contrato asinado coa entidade **Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros, S.A.**, para a suscripción da Póliza de danos materiais para bens mobles e inmobles, (Expediente n.º 2017/C006/000006, Lote nº 1), mantendo as mesmas condicións de coberturas, límites e prezo, e que supón unha vixencia da póliza subscrita, desde o 1 de xaneiro de 2020 ata ás 24:00 horas do 31 de decembro de 2020.

Segundo: Prorrogar por un ano máis, o contrato asinado coa entidade **CHUBB European Group Limited, Sucursal en España**, para a subscrición da Póliza de accidentes para persoal e membros da corporación municipal, (Expediente n.º 2017/C006/000006, Lote nº 2), mantendo as mesmas condicións de coberturas, límites e prezo, e que supón unha vixencia da póliza subscrita, desde o 1 de xaneiro de 2020 ata ás 24:00 horas do 31 de decembro de 2020.

Terceiro: Prorrogar por un ano máis, o contrato asinado coa entidade **Vidacaixa S.A.U. de Seguros y reaseguros**, para a subscrición da Póliza para voluntarios de Protección Civil, (Expediente n.º 2017/C006/000006, Lote nº 3), mantendo as mesmas condicións de coberturas,

límites e prezo, e que supón unha vixencia da póliza subscrita, desde o 1 de xaneiro de 2020 ata ás 24:00 horas do 31 de decembro de 2020.

Cuarto: Notificar o presente acordo ás entidades adxudicatarias, que a seguir se relacionan:

- **Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros, S.A.**, con enderezo en Paseo del Puerto nº 20, 48992 Getxo, Bilbao, (Vizcaya), e NIF A48001648
- **CHUBB European Group Limited, Sucursal en España**, con enderezo en Paseo de la Castellana 141, planta 6 - 28046 Madrid e NIF W0067389G
- **Vidacaixa S.A.U. de Seguros y reaseguros**, con enderezo en Paseo Recoletos nº 37, 3º, 28004 Madrid, e NIF A58333261

facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Quinto: Notificar os anteriores acordos á correduría de seguros "Borrás-Vázquez-Cameselle Artai Correduría de Seguros, S.A.", entidade mediadora dos seguros privados do Concello de Cambre, (con enderezo na rúa Juan Flórez nº 42, 1º - A Coruña), ao departamento de Intervención Municipal, así como ao xefe da Unidade de Réxime Interior municipal e á técnica de xestión de administración xeral adscrita a Secretaría-Patrimonio, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Oscar A. García Patiño

María Luisa de la Red Ampudia